

ACTA DA COMISIÓN TÉCNICA UDC SAUDABLE, 16 DE ABRIL DE 2018.

“OUTUBRO UDC SAUDABLE”, FACULTADE DE ENFERMARÍA E PODOLOXÍA E INTEGRACIÓN DA UDC NA RIUPS.

Na Reunión da Comisión Técnica da UDC Saudable de 16 de abril de 2018, sala 1 do Reitorado da Maestranza, chegouse aos seguintes acordos principais:

- Declárase o Mes de Outubro como Mes Saudable/Mes da Saúde.

Este ano 2018 celebrarase o IV Mes Outubro UDC Saudable, despois de tres Semanas UDC Saudables: 2015 (Facultade de Ciencias da Saúde), 2016 (Facultade de Ciencias da Educación) e 2017 (Facultade de Ciencias).

- A Facultade de Enfermaría e Podoloxía do Campus de Ferrol encargárase de organizar a celebración do Día Nacional das Universidades Saudables (7 de outubro de 2018 ou, de ser festivo, data próxima por determinar) e a UDC Saudable estimulará a participación das diversas facultades, escolas e oficinas, unidades e servizos da UDC.

- Apróbase a integración da UDC na Rede Iberoamericana de Universidades Promotoras de Saúde (RIUPS).

Saúdos cordiais

A Coruña a 16 de abril de 2018

Nota: A primeira reunión oficial da Comisión Técnica UDC Saudable celebrouse no ano 2016, non hai acta.